

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS PROVINCIAIS EMPRESARIAIS DE FONTANERÍA, CALEFACCIÓN, GAS, CLIMATIZACIÓN, MANTEMENTO E AFÍNS (FEGAFON) PARA ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN, DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN SOBRE EFICIENCIA ENERXÉTICA, ENERXÍAS RENOVABLES E INSTALACIÓNS EN GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou coa Federación Galega de Asociacións provinciais empresariais de Fontanería, Calefacción, Gas, Climatización, Mantemento e Afíns (FEGAFON) para actividades de divulgación, difusión, promoción e formación sobre eficiencia enerxética, enerxías renovables e instalacións en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día da sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización de actividades relacionadas co fomento do aforro e a eficiencia enerxética, da mellora da calidade ambiental das instalacións e das enerxías renovables en Galicia durante o ano 2016, asignando os recursos necesarios para levalas a cabo.

As actividades a desenvolver serán :

- a) Xornadas, mesas redondas, seminarios, talleres, etc.
- b) Cursos de formación e outras actividades docentes.
- c) Edición e difusión de materias formativos e outros.
- d) Outras actividades de difusión: participación en feiras, congresos , etc.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



Aínda que os sistemas de enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética y calidade de instalacións comezan a ser coñecidos entre o gran público grazas a labor de difusión realizada nos últimos anos polo Inega, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e Fegafón, se precisa continuar profundando nesta labor sobre todo entre determinados colectivos de prescriptores, tales como arquitectos, empresas construtoras, promotores, administracións públicas, universitarios, estudantes de formación profesional, instaladores e mantedores etc. A través de cursos de formación, xornadas de difusión, divulgación, mesas de debate, etc.

É por isto que as actuacións de Fegafón enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de xuño de 2016

